son 1.000 euros pero hay un Convenio y si esos 1.000 euros no llegan a través del Convenio sí se puede aumentar la partida.

Antes comenté que claro que es muy importante que haya un Obradoiro, y desde aquí pujaremos y lucharemos, y se ha puesto una partida en el Presupuesto para que haya un obradoiro; queremos que haya más empleo; pero como comentó Manolo Vilar esto no es un segundo INEM, aunque desde aquí una persona da un asesoramiento muy bueno a toda la población.

Hoy leí un poquito la prensa (aunque a veces no sea muy fiable, como comenté antes con Roberto) y me sorprende que ustedes aquí, en estas enmiendas que nos pasan, nos hablen de datos genéricos, y sin embargo en la prensa sí hablan de tantos por ciento; imagino que sí será real, no creo que la periodista se los invente; ustedes lo que dicen es que nosotros congelamos nuestro salario, lo hicimos el año pasado, en este caso hay un incremento de IPC de un 0,03%, eso, hablando en serio, dentro del organigrama de todo el Presupuesto son 1.500 euros, eso es un caramelo, eso es para quedar bien, eso es demagogia. Hablan del tema del 14% que sí nos incluye a todos, tanto por partido política como por concejal; luego hablan de un 5% de sus percepciones, me parece estupendo; pero por lo que cobran por Pleno, sea de 3 o de 4 horas, pues sigo diciendo lo mismo: supondrá otros 1.000 euros, y dentro del montante eso no es nada, eso es para quedar bien.

Otro tema que me atañe, y a 2 concejalías más que están conmigo, es el tema del 67% del gasto de la Fiesta de la lura; la Interventora ha puesto 6.000 euros para esta fiesta, y la Arribada tiene 60.000 euros; la Arribada, cuando empezó, obviamente no tenía 60.000 euros de presupuesto; tenemos que potenciar la fiesta de la lura porque creemos que es la Fiesta gastronómica de Baiona y hay que apostar por ella, y para apostar hay que poner dinero. Esos 6.000 euros ya los hubo el año pasado, lo que pasa es que no se imputaban a Cultura; parte era a Turismo, parte era a Comercio, y a Cultura; si se baja esa cantidad no se puede celebrar; hay que hacer que esa fiesta empiece a crecer porque eso es comercio; imagínese lo que sería ahora Baiona sino hubiese la Fiesta de la Arribada para todo el comercio. Esperamos, y seguiremos trabajando poco a poco, para que realmente la Fiesta de la lura tenga su connotación y suponga un desenvolvimiento del comercio.

Hablando del 50% de las dietas, supongo que sobre todo me atañerá a mí como concejal de Turismo, quiero decir que Baiona es un referente del Turismo, y hemos ido a menos Ferias; el año pasado solo hemos asistido a una; posiblemente este año como estamos en época de crisis seguramente también; pero hay que pensar que hay un mínimo, y que nosotros estamos dentro de la asociación de Villas marineras; y aparte estas dietas que ustedes dicen de bajar, influyen no solamente al Concejal (que soy yo) sino al personal que tiene que asistir a las distintas reuniones; y hay que pensar que Baiona, como le he dicho, está en distintas asociaciones y tiene que hacer esos viajes, y ya es un mínimo, mínimo; creo recordar que entre dietas y locomociones son 3.000 euros para todo el año; pero sigo diciendo lo mismo: creo que hacen un poquito de demagogia.

Para finalizar, lo que ponen aquí, el 40% en publicidad y propaganda; si estamos hablando de que este equipo de gobierno es austero, sobre todo lo es en publicidad, y eso no me lo podrá negar; aquí la publicidad es la mínima, mínima, y por cierto, el PSOE, en general, siempre fue el que mayor infografía hizo, Abel Caballero, etc., cuando estuvo el bipartito, PSOE y BNG, nunca percibieron tanto las empresas de comunicación tanto como con ellos; de hecho, cuando perdieron las elecciones, los medios de comunicación quedaron descontentos porque ya no percibirían tanto dinero.

Y en cuanto a los Planes E, nos vienen de maravilla, tanto el 1º como el 2º; pero esos letreros que están ahí son 2.500 euros, y eso es austeridad. Por lo tanto, desde este equipo de gobierno, en el aspecto de publicidad y propaganda, lo mínimo, mínimo. Por eso digo que hacen ustedes un poquito de demagogia.

**SR.ESTEVEZ, PSOE.**- Yo lamento lo de la nota de prensa del Faro de Vigo de hoy; lo lamento; creo que, y así lo hemos planteado ante el Registro con unas modificaciones presupuestarias, nosotros venimos a hacer política, a cambiar el carácter del Presupuesto,



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

como dije antes, cualitativamente y no cuantitativamente, es imposible que nosotros planteemos una disminución del 67% en la dotación de la Fiesta de la Lura; le diré que lo que planteamos en la partida de la Fiesta de la lura es que pasen de 1.500 euros que tenían el año pasado a 2.000, es decir, le planteamos incluso un 33% más.

Creo que aquí demagogia no hay en absoluto; demagogia sería que pidieramos que ustedes se vuelvan a congelar el sueldo y nosotros no diéramos ejemplo, eso sería demagogia. Nosotros planteamos que dentro de las posibilidades de financiación, del incremento presupuestario, planteamos alternativas para llevarlas a cabo; y le aseguro que en las dietas de sus partidas presupuestarias, de la concejalía de Turismo, unicamente lo que hemos planteado es una distribución de esas partidas para que usted haga acciones de promoción de Turismo, la menor partida en dietas y representaciones y una mayor partida para fomento y promoción del Turismo en Baiona. Todo menos demagogia; lo que siempre buscamos es plantear alternativas y soluciones, construir y sumar; desde el punto de vista de la política económica y presupuestaria, el Partido Socialista siempre ha llevado esto a cabo, absolutamente siempre; siempre planteamos alternativas, y en este caso, una vez más, también es así; pero obviamente, para llevar a cabo la financiación del mayor gasto que proponemos, para eso también decimos que deben ser técnicamente los servicios de Intervención los que tengan que pronunciarse sobre ello.

Sobre el tema de la humanización de la calle Carabela Pinta, es algo que viene en nuestro programa electoral y algo por lo que apostamos siempre, así como de Elduayen; lo que queremos es que realmente si al final con 60.000 euros que ustedes plantean no se lo creen, nosotros lo que hacemos es intentar dotar más dinero para que ustedes se lo crean y poder llevarlo a cabo; obviamente sabemos que ustedes dotaron 80.000 euros para la calle Elduayen y hasta que el Plan E financió los 600.000 no se llevó a cabo; confiamos en que sí se haga la humanización de la calle Carabela Pinta porque creemos que es un eje vertebrador de Baiona, importante; y así lo llevamos nosotros en la campaña electoral.

Realmente, Sr.Vilar, no entiendo como podemos disculparnos con el mal ajeno de que otros Concellos no han hecho sus deberes para disculpar nuestra situación, es decir: los presupuestos deben estar en tiempo y forma; si otros lo hacen más tarde pues allá ellos; ustedes tienen que intentar esforzarse para que los presupuestos estén en enero de cada año. Realmente la situación económica es difícil y preocupante, y la financiación local es muy complicada, de ahí que yo antes dijera que por el lado del ingreso presupuestario veía correcto e incluso valiente lo que ustedes han hecho en este presupuesto; lo que nosotros planteamos es una redistribución sin tocar al montante total del presupuesto, con los 3 objetivos que dije antes, y a pesar de que obviamente las competencias municipales son unas, determinadas y limitadas; pero eso no quiere decir que lo hagan otros, es decir, el tema del paro es de todos; el tema del bienestar social es de todos, el tema de ayudas a empresas es de todos, y la Administración municipal es la Administración más cercana, la más cercana; es mucho más cercano para un ciudadano el Ayuntamiento que la oficina de empleo, mucho más; allí más bien es un trámite en un registro, aquí se le puede ayudar y escuchar. Esa es nuestra postura en este presupuesto; como dije antes cuantitativamente no planteamos grandes cambios de cifras; porque sí conocemos y somos realistas, no demagógicos, la situación económica actual, que incluso esta semana ha habido un descenso en el paro registrado de 24.000, que ni siquiera ha supuesto un alivio por las circunstancias económicas brutales de esta semana, ni siquiera; por lo cual la situación es complicada; pero sí debe haber un esfuerzo municipal en esta situación; en esos 3 grandes objetivos que nosotros ponemos; nosotros redistribuimos esa situación; no generamos más; y hay mil posibilidades de llevar a cabo esas políticas sociales, de ayuda al empleo, de ayuda a empresas, desde el ámbito municipal; no podemos gobernar el Concello de Baiona diciendo que los problemas los arreglen otros; a ustedes les vienen aquí los desempleados y las familias a pedir ayuda, y podíamos tener mayor dotación presupuestaria para llevar a cabo eso, de la forma que dije antes: orientación, formación, becas, bolsas, ayudas, o lo que sea; así lo proponemos y además, aparte de incrementar esa situación, lo que decimos es que se mantenga el nivel presupuestario en las partidas de Mujer,



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

Cultura, y Deporte, que se mantenga el nivel del 2009, ni siquiera que se aumente; porque ustedes lo disminuyen.

Pero sí que debe haber esa responsabilidad municipal, y dentro de sus competencias, para poder llevar a cabo estas políticas. Decían ustedes que tienen una deuda baja, y lo ponen de ejemplo siempre, aprovechenla y llévenla a cabo. Utilicen programas para llevar a cabo y poder ayudar en esta situación tan difícil. Es posible y es factible. No hablamos de situaciones de ovnis ni de ciencia ficción, desde la Administración municipal se puede y se debe hacer; no podemos descargar y gestionar únicamente obras y cosas así y no atender realmente al servicio social y a la ayuda al empleo; podemos hacerlo y debemos hacerlo.

En estas propuestas, que no son más sino del grupo, vemos la limitación, vemos los problemas de financiación local, y de ahí que no planteemos una modificación presupuestaria al 10%; sino, como dije antes, es más cualitativa que cuantitativa.

Llevando este argumento hasta el final, nosotros, si la propuesta que presentamos ayer por Registro no se apoya, nosotros, a pesar de ello, nos abstendremos por la situación que siempre hemos mantenido en política económica presupuestaria, de nunca hacer política destructiva. Muchas gracias.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Tiña ganas de escoitar ó Sr.Vilar e ó final saquei duas conclusións: unha, xa sabemos porque se tardaron 6 meses en presentar os Orzamentos; me gustaría escoitar ó Sr.Vilar pelexando coa señora Interventora e o Sr.Alcalde no medio repartindo. En todo caso 6 meses son moitos meses e hai que afloxar de vez en cando e consensuar, pero estas son anécdotas do grupo de goberno e outra cuestión ben distinta é a filosofía con que o equipo de goberno presenta os orzamentos, iso sí que é preocupante; o dixo vostede, Sr.Vilar, e tamén reiteradamente, unha vez detrás doutra, o Sr.Rodal, e penso que tódolos que estamos aquí escoitando ou falando podemos sacar unha conclusión sinxela; Sr.Vilar, Sr.Rodal, da a sensación de que van vostedes nunha carreira e que non pretenden nin se lles pasa pola cabeza adiantar ó primeiro senón escapar do último; escapar do último para non ser o último, para seguir sendo o penúltimo toda a vida. E falo porque as referencias que dan vostedes son, agora mesmo, de Grecia, o último da cola, que ademais é coxo e cego, con tódolos respetos, estou falando dunha maneira hipotética.

Sr.Alcalde, señores concelleiros, é penoso escoitar como un goberno local presenta un orzamento facendo referencia ó país que peor está levando a crisis en todo o mundo; o peor; alomenos en Europa; claro, "no mundo dos cegos o chosco é o rei", e aquí pasa exactamente igual; por iso se conforman con ben pouco; se conforman con que para axudar ás empresas se lles pague o que se debe, esas son as axudas que hai.

Se conforman con controlar horas extras; se conforman cunha auditoría enerxética, que é importante, é unha obra importante Sr.Vilar, por coñecemento propio sei que é importante, pero en todo caso lle vou a dar unha recomendación que seguramente os técnicos non lle deron, non é técnica, é política: mire, en Morade, os últimos 300, 400 metros, teñen un grupo de farolas que están alumbrando ós coellos, andan tódolos días con gafas de sol, alumbrando ós coellos, e se puxeron esas farolas para pagar un favor, un compromiso político deste goberno; dende logo, os coellos queren un pouquiño máis de intimidade; seguramente que lle estarán agradecidos.

Teño unha anotación aquí, tiven que coller outra folla, porque dende logo que nos deu un mitin ó auténtico estilo "parroquia", largounos de todo, largounos a limpeza dos camiños nas parroquias, que non sei si comenzaron pero a ver cando acaban, porque claro, senon van a un ritmo adecuado é que nin no 2020 van a acabar, porque non se miran polas parroquias nin os camiños limpos nin a quen os limpan, polo tanto ao mellor necesitaban aumentar un pouquiño esa partida. Faloume tamén das algas da Ladeira, mire, alí non hai algas, alí hai escombros, hai lixo, tódolo que recollen as máquinas limpiadoras o depositan nunha montaña tódolos días; hai unha auténtica montaña de lixo, e eu invito ós veciños a que vaian dende o camping da Ladeira, polo paseo da praia, por encima das dunas, ata o paseo do litoral, e máis ou menos a uns 150 metros do camping á dereita mirarán unha montaña inmensa de lixo e de cunchas, croques, etc., residuos que a máquina da limpeza da praia Ladeira recolle tódolos



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

días, e estou por apostar que seguramente na punta da Foz hai máis do mesmo porque a única vez que se limpiou foi no ano 2003 e 2004 que foi cando governei eu; se sacaron auténticas montañas de lixo depositadas durante tantos anos por todos vostedes: os que estiveron gobernando tantos anos.

Tamén nos dixo que qué sería das praias sen algas; pois mire, a Ladeira non é unha praia normal e corrente como outras; na Ladeira hai moita alga porque según os biólogos tódolos microorganismos que producen e que alimentan as algas están en gran cantidade e por iso hai tanto exceso delas. E vostede, que é asiduo coñecedor da praia Ladeira, e usuario, saberá que cando saen en cantidades grandes se amontonan, se pudren, crian gusanos e moscas automaticamente e producen un cheiro insoportable; iso non se pode consentir nun Concello turístico como Baiona, non se pode consentir; ningún veciño de Baiona nin ningún goberno local debe consentilo; e se hai que gastar diñeiro para retirálas, se gasta, e ben gastado está; que por certo, a maneira máis económica de retirálas era regalándollas ós veciños para que as usen como abono, e iso foi o que fixemos nós, e dende aquela a xente se queixa que nunca máis estivo a praia tan limpa. Gasten o diñeiro que nós non vamos a criticálo; gasten o diñeiro porque ademais lle fan un favor ós veciños.

Falou tamén da piscina; bendita piscina, senón houbera piscina non habería agora mesmo goberno local do PP e CMÑ; ¿ou temos que facer memoria do pacto do Sr.Louzán, Sr.Almuiña, e Sr.Vilar, cando cambiou o Sr.Vilar a súa idea de goberno de ser de esquerdas a ser automaticamente de dereitas?, foi pola piscina; senón houbera piscina non habería goberno, e claro que a Deputación ten que aportar ¿cómo non vai a aportar?.

Por certo, a nós parécenos ben que se faga unha piscina en Baiona, a de Ramallosa está case saturada; nos parece ben, pero non onde queren facéla vostedes; nós propuxemos facer vivendas sociais ¿se acorda?, e ademais a Xunta as facía; vivendas de promoción autonómica, para a xente máis necesitada de Baiona, e vostedes parece que a esa xente non a querían meter ahí; que por certo, son veciños e veciñas de Baiona como todos nós. E falando de vivendas sociais se me ocorre preguntarlles ¿qué pasa coas vivendas sociais de Sabarís?, as que están fronte á fonte do Pombal, as da cooperativa, ¿porqué motivo se remataron as obras no mes de novembro e levan a día de hoxe sen poder usálas?, ¿se dan conta de que vostedes están impedindo que veciños necesitados, matrimonios novos na maioría, de Baiona, que pagaron as súas vivendas con moito sacrificio para poder habitálas, por culpa da incompetencia dunha área de goberno 6 meses máis tarde de haber sido rematadas aínda non lles sexan entregadas?, ¿porqué motivo?, ¿porqué motivo 100 metros máis arriba segue sen empezar a facerse a edificación do segundo edificio de vivendas sociais?, nós advertímolos aquí: que non llo deran a unha empresa privada; se empeñaron e a deron e ahí teñen o resultado: non hai nin un caldeiro de formigón botado na súa cimentación, nin un caldeiro de formigón.

Dende logo no último tempo estou vendo en vostede Sr.Vilar, unha alineación total co PP, unha alineación auténtica, decindo e defendendo a actuación do Presidente do Portos, pois aparte da Estación marítima non sei que van a facer máis porque a doca leva ahí creo que dende antes de que nacera eu, ou case, e a doca segue; ou sexa que non se fixo nada novo.

Pero voulle a decir máis: eu pedín información neste Concello sobre o Decreto que sacou o Goberno Galego (acordémonos) da retirada da concesión dunha lámina de auga, polo anterior bipartito, e non sabemos que vai a pasar con iso agora; o Alcalde quedou en dar-me información pero non ma deu; ¿qué vai a pasar con esa historia, con esa concesión de lámina de auga?, tampouco o sabemos.

Tampouco sabemos que vai a pasar coa humanización de Sabarís, nin coa humanización de Carabela Pinta; eu cando falei de que se ía facer con 61.000 euros o decía con segunda intención porque quería que alguén me dixera algo máis; é que a nadie lle cabe na cabeza que se poda facer con 61.000 euros; e nós non podemos decir ¿e o resto?, porque non sabemos canto é o resto, ¿e saben porqué?: porque nós pedimos o proxecto de Carabela Pinta, o que se ía a facer alí, e resulta que non nolo deron; non sabemos que se vai a facer alí.

Dicen vostedes "humanización de Carabela Pinta", e nós queremos estudiálo para apoiálo, pero senón non lle damos un cheque en branco, nós non vamos a aprobar unha humanización



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

de Carabela Pinta sen saber o que van a facer porque a ver se resulta que seguimos coa política de eliminación de prazas de aparcamento gratuitas de superficie sistemáticamente; ao mellor estamos nesa idea, e esa idea a nós non nos serve; neste Concello outra cousa non se terá feito pero eliminar prazas de aparcamento gratuitas iso sí, por tódolos lados, se puxeron incluso rúas con dobre dirección cando estaban cunha dirección única para facilitar ós veciños e ás veciñas que poideran aparcar.

Falou vostede do carril bici, por comentar direille que Baiona-A Guarda a fago case tódolos días, o comento por curiosidade. Rotonda Virxe da Rocha, isto é unha teima que ten vostede dende o principio de fai moitos anos, e vostede é case quen está abanderando isto porque cree imprescindible esa rotonda; permítame que dude da súa funcionalidade; ao mellor pode chegar a ser necesaria algún día, pero agora mesmo podemos discutilo.

Rotonda da curva do manco; os edificios están onde están porque quen lles fala se encargou de que os redactores do proxecto retranquearan o suficiente os edificios para que alí collera unha rotonda; por iso que alí non soamente o goberno local senón nós temos parte. E a rotonda de plástica xa forma parte de estampa de Baiona; é unha rotonda que xa fai moitos anos que eu trasladei á Consellería a concesión dos terreos necesarios para executála e seguimos esperando; e tamén seguimos esperando o asfaltado das baixantes da autoestrada, que por certo se venderon por este goberno local a bombo e platillo e a día de hoxe están sen facer; fixeron a metade pero a outra metade non, vai por partes.

Tamén dixo Sr.Vilar que cada pao que aguante a súa vela, claro, cando falamos do paro podemos dicir iso, pero fai cuestión de ano e medio cando na Xunta gobernaba o bipartito para vostedes tódolos problema do paro eran culpa da Xunta, agora xa non, agora cada pao ten que aguantar a súa vela; por iso decía eu que vostede está alineado autenticamente co PP: agora resulta que non é a Xunta, agora resulta que é a oficina de emprego.

Voulle a dar unha idea por se a quere ter en conta: se Baiona tivera un PXOU aprobado a día de hoxe (que foi unha promesa electoral do PP) e non o tivera no caixón, pois resulta que ao mellor habería moitos albañiles e moitos canteiros que poderían facer vivendas e poder ter traballo; porque a día de hoxe non hai ningún Concello arredor que o teña aprobado; hai algúns que o teñen tramitado, que iniciaron agora mesmo os seus trámites, pero é que o Concello de Baiona xa podía telo aprobado fai tempo, e iso non lle interesa. Claro que si dentro do Plan Xeral seguimos interesados en crear a panacea de Baiona (debe ser a décimo quinta panacea) que é o campo de golf, digo isto porque cando se fixo o Parador ía ser a panacea de Baiona; despois viu o Clube de Lates, segunda panacea; despois resulta que viu o segundo porto deportivo, terceira panacea, ou sexa que aquí vamos a ter que traballar dous meses para aguantar todo o ano; deixense de milongas e inclúan vostedes no Plan Xeral un polígono industrial donde se poidan instalar empresas; invítolles a que se acerquen ó Concello de Nigrán e vaian ó porto do mole, que co momento de crisis que hai a actividade industrial que se está xerando alí é alucinante; vaian alí e miren. Sr.Alcalde, mañán, que ten ir vostede ó Pleno da Mancomunidade, como teño que ir eu, pase polo porto do Mole, e vexa vostede a actividade que hai alí agora mesmo; visíteo, invítollo a que o visite; porque é penoso que haxa mariñeiros en Baiona que queiran elaborá-lo percebe, ou o erizo de mar, e que teñan que marchar a Vilagarcía porque aquí non hai onde meter unha nave industrial; é penoso; deberíanos caer a cara de vergoña aos políticos de Baiona de que aquí non haxa a día de hoxe un polígono industrial e sí en cambio se consinta, baixo corda, facer naves industriais, aserraderos de pedra, no medio do monte; iso sí que é penoso e perigoso, Sr.Concelleiro de Medio Ambiente. Polo tanto, vostedes fagan os seus deberes (os demais que fagan os seus) e denlle para adiante ó que está o seu alcance: Plan Xeral e polígono industrial.

Sr.Rodal, decía vostede que está facendo xestións para subvencións supramunicipais, me imaxino que as virán a vender a poucos meses das eleccións municipais para poder seguir rentabilizando a súa nefasta política municipal. Nos decía da ONG de Baiona, que era un detalle; un detalle que tódolos días, ao mellor a estas horas, non sei a que hora despacha Juani, pero tódolos días está tapandolle a fame a moita xente; e hai veciños e veciñas de Baiona que aportan moito máis co Concello; moito máis. Vostedes debían de tomar unha determinación, e eu deulle antes un consello: deixen vostedes de pagar favores políticos e ter





**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

asesores que non se sabe a día de hoxe para que están, nin que é o que fan, con soldos de miles de euros ó ano, e invirtan ese diñeiro na ONG, que polo menos lle ían a matar a fame a moita xente.

A verdade é que é unha pena que tendo a oportunidade dun Orzamento non tiveran en conta temas importantes neste Concello como é o paro, como é o tema social, e que se inclúan moitas veces cousas superficiais e non que determinan unha melloría e unha calidade de vida para tódolos veciños e veciñas.

**SR.ALCALDE.-** Podería precisar cando queira o número de asesores que hai no Concello e o que gañan, non hai ningún problema, está no Presuposto municipal. Pode facélo. Despois faremos o recuento dos que había co BNG e PSOE.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Empezamos por Urbanismo, hai un asesor xurídico.

**SR.ALCALDE.-** Non, perdón, iso é unha asesoría técnica; non son "asesores".

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Empezo por Urbanismo: un asesor xurídico; Deportes: un asesor de deportes, que non sei o que fai a día de hoxe.

**SR.ALCALDE.-** Non hai ningún asesor en Deportes; entérese ben; lea o presuposto.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Ata fai ben pouco sí o había. Outro asesor máis: Quico, o asesor de Pobos Irmáns; dúas secretarías, por parte do Alcalde.

**SR.ALCALDE.-** Non; lea o presuposto. Sra.Interventora, por favor, ¿cántos asesores hai no Presuposto?.

**SRA.INTERVENTORA.-** Personal de confianza, 2; Mónica Rodríguez y Francisco Vázquez.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Buscamos a lista de persoal, a ver sino la pasan porque a pedimos hoxe por rexistro, onde veñen tódolos traballadores e traballadoras que dende que están vostedes gobernando lle están renovando automaticamente os contratos, non sei si co fin de que se libren dunha selección de persoal legal e ordinaria, posto por Lei.

**SR.ALCALDE.-** Xa fixeron esa petición por escrito; pois colla esa relación e levea onde queira; non hai ningún problema; aquí non hai nada que esconder.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Estamos acostumados a que o goberno local pague favores políticos, e o están facendo á conta dos servizos públicos.

**SR.ALCALDE.-** Vamos a recordar ós asesores da súa época; recordo a unha persoa da súa lista contratada como Auxiliar administrativo, por exemplo, como persoal de confianza. Nós: 2; vostede (que eran dous concelleiros): 1. Nós somos 9, e temos 2; vostedes eran 2 e tiñan 1; estamos ó 50%; e o Sr.Vilar está dentro do equipo de goberno.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** ¿E nós estabamos fora dun equipo de goberno?; cada ún mira a feira según le va néla.

**SR.VILAR, CMÑ.-** E inevitable que o debate dos Presupostos se convirta no debate do Estado do municipio; quizá sexa a única oportunidade de facélo e por iso entendo este debate aínda que nos salgamos dos estrictos puntos que tiñamos que tratar; non pasa nad.

En relación coas intervencións do portavoz socialista, quizás o que máis me sorprende é ese interés por axudar ás empresas locais dentro do Concello, é un tema complexo esa axuda dende unha perspectiva municipal. Creo que o que facer é ser moi rigurosos con estes temas; eu teño unha experiencia de cando fora a construción do aparcadoiro soterrado da Palma; se



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

fixera cun concurso, o colleu unha empresa, se fixera un proxecto por unha empresa, etc., e xurdíu por parte dunha entidade local, da directiva, o mesmo interés por facer un aparcadoiro soterrado, estou falando do Casino de Baiona; e nós, vindo que podía ser unha situación de conflito ou que a xente pensara que lle dabamos facilidades a úns e a outros non, dixemos "bueno, pois tirar para adiante e presentar o proxecto"; pasou o tempo, fixeron alí un oco ó lado do Casino, non presentaron nunca o proxecto, o oco quedou ó aire libre, e a obra nunca máis se realizou; a partir de ahí, collín a experiencia, dende o meu punto de vista, de que o rigor ten que ser fundamental e todo o mundo ten que presentar os papeis cumprindo con tódala normativa, especialmente para garantir a viabilidade de calquer empresa e de calquer inversión.

Isto non quita de que ó mellor haxa establecementos que mentres se tramita o expediente e unha vez que está todo moi amarrado poidan iniciar a súa actividade, sempre que non existan denuncias por parte de ninguén; iso entra dentro do sentido común, facilitar as cousas ó empresario ou promotor; pero o demais é tema moi complexo, saírase da lei, porque hai moito pícaro solto, hai moita xente que se quere aproveitar destas situacións para intentar levar a ascua á súa sardiña e actuar sen ese rigor que esixe a Administración para instalar calquer tipo de empresa. Nese sentido penso que este goberno municipal actúa con moito rigor e a mín me sorprende como dende a Concellería de Urbanismo, ou de calquer outra, se lle esixe a todo o mundo os proxectos e as licenzas que haxa que esixir, en defensa das propias persoas que se poidan involucrar en calquer proxecto empresarial en Baiona; isto é inevitable; o triste sería axudar equivocadamente ás empresas dando facilidades sen esixir ese rigor. Polo tanto, creo que queda aclarado este tema, e me gustaría decírllo ós portavoces: o rigor é fundamental; porque é moi fácil dicir "que el Ayuntamiento dé facilidades, que el Ayuntamiento apoye,...", non, non é así; o Concello ten que ser riguroso, e nunha época de crisis máis se cabe todavía; iso o teño moi claro á hora de asumir responsabilidades de goberno.

E dentro das obras, me quedaron algunhas atrás (porque sei que hai moito interés por parte de alguén do PSOE), dicir que a obra de Santísima Trindade esperemos que se realice nun período corto para facilitar o uso dese entorno, o digo porque sei que hai xente interesada e espero que agora quede claro.

En canto ó BNG, quero decírlle que no tema da auditoría enerxética hai moitísimos Concellos que renunciaron a ela, e nós, en cambio, baixo ningún concepto; iso para nós é prioritario; e cando o Alcalde o outro día me plantexou que tiñamos que pór unha partida importante para auditoría enerxética que ía afectar ó Presupuesto de Inversións en materia de electricidade eu lle dixen "adiante", porque hai que traballar con visión de futuro, e un Concello que se atope auditado enérxicamente dentro dun ano ese Concello vai ter moitísimas posibilidades de recibir axudas de calquer Administración; e a nós, dende a nosa óptica de goberno, nunca nos debe escapar ese panorama de responsabilidade.

Igual co tema da piscina; mire vostede, Sr. Fernández, a mín non me obsesiona que se faga agora ou dentro dun ano, ou de dous, está vostede moi equivocado; o que sí é importante é que teñamos xa os terreos asignados para a construción da piscina, que é nos Tendais, e non a barbaridade que se pretendía facer de ubicar naquela zona masificando con máis vivendas de Protección Oficial; alí vai unha piscina, e xa se fará cando a situación económica o requira; non vai haber ningunha crisis de goberno polo tema da piscina xa que este goberno se basa na lealdade; o teño moi claro, por unha piscina non se plantexará unha crisis de goberno.

A mín me consta que todos os que estamos no goberno consideramos que unha piscina é boa para Baiona, é boa para mellorar a calidade de vida de Baiona, máis tarde ou máis temprano esa piscina se vai facer; iso sí, espero que sexa o máis pronto posible porque temos fórmulas económicas para facélo.

Tamén dixó vostede que eran unhas panaceas esas obras que se fixeron como son o Parador, o Clube de Iates, o segundo porto deportivos, e que ía a ser outra panacea o campo de golf que figuraba no PXOU; eu creo que ó contrario: son obras realistas, que están ahí, algunhas de xeito hai que reconducilas como é o caso do segundo porto deportivo, pero qué duda cabe que son obras moi emblemáticas para o Concello de Baiona. A vostede lle parecen panaceas,



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

pero non o son; e o día que teñamos o campo de golf por suposto que Baiona vai a relanzarse, e vai a relanzarse porque o PXOU e o PEPCHAB que son uns dos obxetivos que temos como equipo de goberno, son obras que están ahí practicamente a punto de aprobarse; e vostede ben o coñece porque non hai ocultismo ningún neste caso.

En canto á nosa relación coas Administracións eu lle podo dicir unha cousa: creo que son fluídas, que son sinceras e que se invirte dentro das medidas das posibilidades, tanto da Deputación, como da Xunta, en todas as súas diferentes áreas; de iso non dudo. O que si é certo é que nós sufrimos na anterior Administración do bipartito o boicot da Administración; e non me estou referindo ó mellor á área de Servizos Sociais que rexentaba o BNG, non, coidado, nese sentido con Lois Castrillo houbo unha relación fluída; pero non foi a mesma esta relación coa COPTOPV, non foi a mesma; ¿ou é que aquí alguén di que foi a mesma que co Sr. Lois Castrillo?; porque eu recordo como se meteron no caixón os proxectos da Avenida urbana de Sabarís, cómo se nos boicotearon tódolos proxectos que agora están saíndo por parte da COPTOPV, eu non sei que mán negra habería na COPTOPV, non o sei, pero algunha había.

Este é un debate do presuposto pero ó final é un debate do estado do municipio, como se di aquí, ¿ou non, Sr. Fernández?; e si vostedes sacan algo nós temos que defendernos e aclarar unha serie de cousas, e o presuposto está moi ligado a todo iso porque ó fin e ó cabo o presuposto é un compendio do estado do municipio e do que podemos facer no futuro.

Por certo, Sr. Fernández, é certo que temos unha afinidade ideolóxica moi intensa co PP; eu non vou a renegar do meu pasado, faltaría máis; e todos temos unha vena de esquerdas, todos; e vostede tamén ten unha vena de dereitas. Resumindo, dicir que me gusta ter estes debates para aclarar a situación do municipio, para saber que non vamos mal, e espero que a oposición polo menos aprobe este punto; que, por certo, o que nos plantexa aquí o PSOE non se parece en nada ao que sae hoxe na prensa, porque alí fala de porcentaxes, de afectar a soldos, de afectar a moitas cousas; aclárense por favor.

**SR. ALCALDE.**- Penso que aquí quedou todo moi ben expresado pero quixera facer unhas aclaracións, foron preguntas bastantes directas e creo que son importantes; unha, respecto á preocupación que temos respecto ás vivendas sociais, quixera dicirlle ó Sr. Fernández que creo que él non debería ser garante da xerencia dunha obra, aínda que sexa unha cooperativa, porque os directivos da cooperativa xa en máis dunha ocasión dixeron que eles non estaban representados polo BNG. O que quero dicirlle é que as obras poideron finalizálas en novembro, podo ser, pero vostede sabe que cando acaba unha obra ten que presentar unha solicitude de primeira ocupación para que os técnicos municipais as revisen e cumpran co proxecto, resulta que a data de entrada da petición de primeira ocupación é do 23 de marzo, non de novembro; e a directiva está en contacto diario con Urbanismo; estamos tratando de axilizálo porque queremos que canto antes estén as vivendas, non hai ningún problema, todo o contrario; é un orgullo que dentro de pouco tempo haxa alí xente traballando.

Sobre as outras vivendas, teñen un período, iniciaron as obras, ¿lentas?, si, todos quixeramos que foran máis rápido, pero hai un problema de financiación, problema de financiación que afecta a moitas cousas e a estas tamén; pero teñen empezado e dicen que van a seguir coa obra e a rematála; nós ahí non podemos entrar; está legalmente dentro das súas posibilidades; oxalá dentro de pouco podamos dicir que a dinámica da economía está funcionando e se comence coa actividade para poder seguir e mellorar.

Quero dicir algo tamén moi importante para nós: o tema do gasto social; cando se fai a anécdota de dicir "1.000 euros para a ONG", ou "Juani é...", creo que non vamos a descubrila, é unha persoa cunha capacidade de traballo e de entrega a conta de nada, clarísimo, e dende o Concello non solo se aposta por unha cantidade económica, ampliable como temos feito noutros anos, senón que pómos un local, pómos unha serie de cousas a disposición, e sempre en total colaboración con ela. Nós non somos daqueles que vamos a comprar unha nevera e a damos e despois vamos ó periódico e decimos "mira, le regalé una nevera a la ONG", nós facemos outro tipo de actos, e temos contacto diario; pero dígolle unha cousa, a ONG que leva Juani dende fai tantos anos e tan ben, non só actúa sobre persoas de Baiona senón sobre persoas dos Concellos de arredor e incluso de Vigo, e nós non pómos limitacións, todo o



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

contrario: á xente que se poida axudar, que se axude. E quero recordar que somos o único Concello do Val Miñor que temos unha relación especial con esta ONG, ou con calquer outra, onde se dan comidas; porque outros Concellos as dan a través de Cáritas, que é unha organización aparte, e outros o que dan é roupa; aquí, xa se dixo por parte de Juani, a xente non necesita roupa, non quere roupa, quere alimentos, e ahí vamos a gastar o que faga falta, non vai a quedar polo Concello de Baiona, e ampliamos según as necesidades, iso queda por enriba de todo porque entendemos que é unha necesidade básica e o vamos a apoiar, non hai ningún problema; o que se poña nun presuposto inicialmente non ten nada que ver co final e neste caso non vai haber límite.

O tema do paro, nos preocupa moitísimo; aínda que Baiona, como dí o Sr.Rodal, non é dos municipios que está peor, non nos conformamos con iso; hai que pelexar; e dentro das posibilidades do Concello estamos intentando facer contratacións, ben sexan temporais ou creando plazas. Mire, o Concello de Vigo acaba de pedir un crédito de 29 millóns de euros, ¿sabe cál é a oferta pública de emprego para este ano do Concello de Vigo?: 0; cero; nós temos unha oferta modesta pero temos unha oferta pública de emprego, polo tanto non pode dicir que non estamos pensando neso.

Outro tema; decía vostede que “no reino dos cegos o chosco é o rei”, pero curiosamente falaba do caso grego, o caso portugués, o caso de Irlanda, por certo, os ministros destes países estiveron aquí no Parador de Baiona, coñeceron a historia de Baiona, e dende logo vai a ser unha promoción importante para Baiona; por iso é importante que esté aquí o Parador, como calquer outra instalación que dé prestixio á nosa Vila. ¿Sabe cál é a diferenza entre eses 3 países?, Grecia, Portugal, e Irlanda, os 3 ministros, ún de Pesca (Irlanda), o de Agricultura (Portugal), que así chámase alí aínda que leva tamén Pesca; e a Comisaria de Pesca europea, que é a Sra.María Damanaki, que é grega; curiosamente o único país dos 4 do sur de Europa que estamos mal, o único que non ten medidas tomadas importantes é España; e o tema que falamos de porque non se conxela o tema funcional é porque temos a orde do Sr.Zapatero de que o ano pasado tiñan que crecer os funcionarios o 2% e este ano o 0,02 ou o 0,03; é unha orde do Estado Español; non teñen autonomía os Concellos. Polo tanto, como decíamos antes, cada ún ten que aguantar o seu pao.

Decir tamén das inversións, que o Sr.Rodal falaba modestamente do que vai invertir o Concello de Baiona con cartos propios, pero a inversión para este ano vai ser en torno a 3 millóns de euros contando a Deputación, o Estado, e sen contar co que a Xunta faga a través de Convenios e vai estar facendo ó longo deste ano; polo tanto é unha inversión importante.

O que dí sempre facendo demagogia sobre o centro e as parroquias, non é verdade; aquí non hai pelexas, aquí hai inversións en parroquias, camiños, saneamentos, que non están ahí, porque non son, porque van co Plan estatal ou plan da Deputación, e despois está o que vai con estes cartos; pero os 3 millóns de euros van para todo.

Decir unha última cousa, o peso político do Alcalde a mín sinceramente dáme igual, peso 82 kilos que pode pesálos como queira: en ouro, en palla, ou como queira; son 82 kilos. E mire, lle pedín á Sra.Souto, que nunca me recibíu, o que pasa é que aproveitei que víu a ver un partido e pór unhas medallas, entón lle dixen diante de máis xente: “mire, este Pavillón ten moita actividade, como pode ver; ten problemas, queríamos melloralo”, e vostede sabe a contestación: “xa, xa”, con cara de poucos amigos; esa foi a súa resposta; e por iso lle digo que, independentemente do peso político do Alcalde, ten que estudiarse vostede os presupostos da Xunta de Galicia, porque hai un apartado para o Pavillón de Baiona, que non llo vou a dicir para que vaxa a vélos vostede, senón igual pensa que eu minto; e o que aparece no Presuposto é o proxecto que sí vamos a elaborar nós, pero a financiación 100% vai ser da Xunta de Galicia; está incorporado nos Presupostos do 2010 aprobados da Xunta de Galicia.

A cubrición da pista polideportiva de Fontes se fai, co Plan E non, coa intención do Concello de Baiona de cumprir unha promesa que o bipartito botou por terra cando dixo que non era prioritaria; e nos eliminou un proxecto e unha petición de licenza que había do anterior equipo do goberno. E máis, e me gustaría contar co apoio de todos os que estamos aquí presentes, de todos, porque eu creo que todos temos que celebrar as inversións, non é unha cuestión



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

política; mire, me gustaría poder traer no próximo Pleno, firmado por todos, algo que é importante, no que estuvimos participando todos nél, que é o tema da biblioteca de Baiona; e me gustaría que todos firmáramos unha petición ó Ministerio de Fomento para que do 1% cultural se adicara a rehabilitar a Biblioteca de Baiona según o concurso de ideas; e como hai Concellos que xa foron adxudicatarios do 1% cultural, nos gustaría que todos estiveramos dacordo; o PSOE estou convencido de que sí está dacordo; nos encantaría; e decir que o Ministro Blanco fixo unha inversión e apostou, e falar ben do Ministro Blanco, como decía o Sr.Vilar antes cando falaba de Lois Castrillo, porque para nós tivo unha actuación correctísima. E cando falamos da depuradora eu falo de Jose Manuel Barreiro, falo do Sr.Manuel Vázquez, e falo do actual, Agustín Hernández, porque os tres apoiaron a depuradora de Baiona; e creo que é de xustiza decílo; todos os que estamos aquí temos que decir “moi ben, olé, moitas grazas”, independentemente da condición política de cada ún; creo que estamos aquí pelexando por un ben común.

Para rematar quixera, primeiro, agradecer ó equipo de Secretaria, especialmente á Intervención e o seu equipo, o traballo tan difícil que levan a cabo porque neste momento o problema é que moitos Concellos non poden aprobar os seus presupostos, non porque non queiran senón porque é difícil cadrar os números na situación económica que estamos; por iso agradecer a súa labor.

